

Santiago de Compostela acolle unha nova edición do curso 'As literaturas infantís e xuvenís ibéricas', este ano centrado na poesía infantil do século XXI



(06-09-2009) A Biblioteca da Fundación Caixa Galicia en Santiago de Compostela acolle unha nova edición do curso 'As literaturas infantís e xuvenís ibéricas'. A súa influencia na formación lectora' que organizan a Rede temática de Literatura infantil e xuvenil da Universidade

de Santiago coa Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) contando co apoio da Dirección Xeral de Política Lingüística. Nesta sétima edición o curso abordará a poesía infantil no século XXI.

O curso 'As literaturas infantís e ibéricas' durará dende o luns 7 ata o xoves 10 de setembro e contará con ilustres representantes das diferentes literaturas do Estado e Portugal. A inauguración terá lugar ás 9.00 h. e nela participan o director do Departamento de Filoloxía Galega, o presidente da AELG, a directora do curso e o director da Biblioteca da Fundación. Deseguido presentárase un Informe sobre docencia e investigación na literatura infantil e xuvenil. A sesión da mañá completárase cun taller de poesía a cargo do escritor Antonio García Tejedor, que xunto con Ana María Fernández participará nun encontro literario cos asistentes. O mesmo día á tarde, a partir das 16.30 h., terá lugar un recital poético musical de autores do marco ibérico, para rematar ás 19.00 h. cun encontro co poeta vasco Juan Kruz Igerabide e o portugués João Pedro Mésseder.

No marco deste curso terán lugar, ademais dos encontros e recitais, mesas e coloquios sobre a produción poética e a súa investigación, experiencias, talleres de regueifas, de poesía, de plástica, etc. Entre estas actividades tamén se atopa a presentación, o xoves ás 12.00 h., do monográfico *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)*, que se publica co apoio da Fundación Caixa Galicia e Edicións Xerais de Galicia.

En paralelo ao curso, os días 8 e 9 reunirase no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CIRP), a Rede Temática de Investigación 'As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano' (LIJMI) que coordina a profesora Blanca-Ana Rolg, directora do proxecto 'Informes de Literatura' que anualmente dá noticia da produción e recepción de e sobre literatura galega, incluída a infantil e xuvenil.